

DSpace da Universidade de Santiago de Compostela

<http://dspace.usc.es/>

Instituto da Lingua Galega

---

Rosario Álvarez (2016): "Variación lingüística e historia cultural. Palabras peregrinas polo Camiño francés a Compostela". *IVème Congrès International de Dialectologie et Sociolinguistique. Variations, phraséologie et ressources (IV CIDS)*, Université Paris Sorbonne. París, 7-9 de setembro de 2016

---



You are free to copy, distribute and transmit the work under the following conditions:

- **Attribution** — You must attribute the work in the manner specified by the author or licensor (but not in any way that suggests that they endorse you or your use of the work).
- **Non commercial** — You may not use this work for commercial purposes.

# Variación lingüística e historia cultural. Palabras peregrinas polo Camiño francés a Compostela



**ROSARIO ÁLVAREZ**

Instituto da Lingua Galega. Universidade de Santiago de Compostela

[rosario.alvarez@usc.es](mailto:rosario.alvarez@usc.es)




INSTITUTO DA LINGUA GALEGA

<http://ilg.usc.gal/>

IV CIDS. Paris-Sorbonne, 7-9 de setembro de 2016

# Unha gran vía cultural

A conexión principal entre Galicia e Europa contou cunha vía excepcional, o Camiño de Santiago. Por el non só transitaron homes e mulleres peregrinando durante séculos, senón tamén ideas e innovacións culturais e lingüísticas.




JAKOBUSWEGE | CHEMINS DE SAINT-JACQUES | CAMINOS DE SANTIAGO

# Vía de civilización e de cohesión europea

Entre a segunda metade do século XII e os primeiros anos do século XIII fundáronse catorce dos quince mosteiros cistercienses en Galicia.





O camiño de Santiago é unha vía de consolidación e difusión da arte románica.



# Vía marítima: o arco atlántico

As conexións marítimas de Galicia cos países atlánticos veñen desde a prehistoria e non se interrompen, grazas a un intenso tráfego económico cultural.



Tamén se peregrina a Compostela por mar.




# O xogo da mariola

## DRAG

**mariola** s.f. Xogo infantil que consiste en andar á pata coxa empuxando ao mesmo tempo co pé o peletre, seguindo certas regras, a través dun percorrido establecido formado por un conxunto de casas numeradas, pintadas ou raiadas no chan. *Pintade a mariola na eira.* SIN. **peletre**.

**peletre** s.m. **1.** Anaco de pedra que se emprega nalgúns xogos como a mariola. *Tirou con moita forza o peletre.* SIN. **patefa**. **2.** Xogo infantil que consiste en andar á pata coxa empuxando ao mesmo tempo co pé o peletre, seguindo certas regras, a través dun percorrido establecido e formado por un conxunto de casas numeradas, pintadas ou raiadas no chan. *Botaron a tarde xogando ao peletre.* SIN. **mariola**1.



# Os nomes do xogo: número e difusión das variantes


Recollemos preto de 100 denominacións galegas, sen contarmos variantes fonéticas (p. ex. *mariquitilla* ~ *marequitilla* ~ *marquetilla* ou *truco* ~ *turco*) nin morfolóxicas en sentido amplo (p. ex., *mariquitilla* ~ *mariquitiña*, *raia* ~ *raias* ~ *raíña* ~ *raíta* ou *truque* ~ *truco*). Non se ten en conta a variación (*xogo da*) *mariola*, *xogo do chocolate*.

A maior parte non están dicionarizadas. No *DdD* só o 14% das denominacións do traballo de campo.


Pola extensión e tipo de difusión territorial (dentro do territorio galegófono) podemos establecer catro grupos de variantes:

- Difundidas nun dominio relativamente amplo: *mariola*, *raia*, *truco*, *mariquitilla*, *peletre* e *chapa*.
- Localizadas en pequenas áreas compactas: *ne*, *plancha*, *cruceta*, *caldeirón*, *estrícula*, *paturra*, *carabañola*...
- Dispersas sen formar áreas: *cadro*, *ruleta*, *pedra*, *cascallo*, *china*, *avión*, *cabezote*, *carta*...
- De carácter local: *bicorro*, *pasarela*, *pelouro*, *sanmiguel*, *madana*, *marco*, *pizarra*, *plano*, *sobre*...


Nome do xogo: mariola



Nome do xogo



Nome do xogo



Nome do xogo: madama



# Os nomes do xogo: motivación



Non todas as denominacións son transparentes a primeira vista, pero pódense reducir a tres grupos fundamentais que as integran case todas. Por orde de frecuencia:

- a) O **debuxo** que se fai no chan dá base á metade das denominacións:
  - as formas completas: *armario, avión, caldeirón, caracol, carabañola, carta, castro, chocolate, circo, cruceta, leiriñas, madama, marco, mariquitilla, moneca, pasarela, plancha, plano, rateira, semana, sobre, ventá, trocha...*
  - os seus elementos básicos: *cadros, pacha, raia, raiola, risca...*
  - unha parte característica fundamental: *cabezote, glorio, limbo, imbo cachimbo...*
- b) A **peza** con que se xoga é a segunda en orde de preferencia (aprox. a cuarta parte das denominacións): *cacho, cascallo, chapa, china, coia, cotelo, pata, patefa, paturra, pedra, peletre, pello, pelouro, rolo, ruleta, tella...*
- c) As **accións** fundamentais para o desenvolvemento do xogo:
  - a maneira de percorrer o circuíto: *chicolapé, cingalipé, couchopé, cuchipé, mancapé, patacoxa...; macaca?*
  - outras accións: *picapedra, triscalos, truque, trúquele*
- d) Outras motivacións: *tiza*
- e) Motivación escura: *ne, margarita..., mariola?*

# Os nomes do xogo: hipóteses sobre *mariola*



Pódese afirmar que *mariola* é a forma de referencia no galego actual:

- É a máis estendida territorialmente.
- No traballo de campo, correspóndenlle algo máis dun terzo das respostas.
- O *DRAG* dálle preferencia sobre as outras (peletre, patefa: tm. ‘pedra’).
- Constante na lexicografía galega desde Anónimo 1833c
- Presente na escrita desde 1858 (TILG: 32 ocorrencias en 16 obras)



Semella exclusiva do galego: non en portugués, nin en asturiano (si na Asturias galegofalante) e leonés. Non se cita noutros dominios hispánicos.

O nome *mariola* lembra fr. *marelle*, de onde port. *amarelinha* (Brasil).

- *marelle* (ant. mar-, mer, -marr- / -el, -iel, -eau, -iau, eal; -ele, -elle, -ielle).
- Trésor: prob. dér. du rad. prérom. \**marr-* «pierre, caillou», particulièrement répandu en Italie et en ibéro-rom.
- Trésor: fins s.XI ‘jeton, fragment de bois’ / fins. XIII ‘jeton, pion’ / ss. XIII-XIV ‘jeu qui se joue avec des pions sur ...’ [semellante a un xogo de damas] / **1677** *mérelle* «jeu d'enfant qui consiste à pousser, à cloche pied, un *palet* dans des cases tracées sur le sol»; 1680 *marelle* / **1864** «la figure qui est tracée sur le sol, pour ce jeu».

¿De Francia a Galicia? ¿De *marelle* a *mariola*?

# Os nomes do xogo: de *marelle* a *mariola*

O cambio no sufixo require unha explicación:

- Procede a forma galega dalgunha das variantes antigas *-eal*, *-eau*, *-iau*?
- Concorreu fr. *marelle* cunha forma autóctona *mariola*? ¿É o nome do xogo a concorrencia de ambas?

Outros significados galegos de ***mariola*** sen relación directa co xogo:



1. Peixe da familia dos gádidos (*Ciliata mustela*).
2. Variante de *María*: *María*, *Mariola*, *frita en aceite*, *vai na miña barrigola*.
3. Chisme, díxome, enredo..., de onde *mariolada*, *mariolas*, *mariolo/a*.
4. Pedras sobrepostas que en lugares sen camino indican a dirección da marcha (tm. no N de Portugal).



Na orixe, que hai que retrotraer á época medieval, puido estar como motivación a pedra, coma en *marelle* e *mariola* 4. Hoxe non se percibe.

Descoñécese esa vinculación. Compárense os dous mapas: nun o nome do xogo / noutro os dous significados en relación co xogo, 'debucho' e 'pedra'.

Creemos que o éxito e a conservación se deben á asociación con *María*. Cfr. o éxito da máis recente *mariquita*, *mariquiña*, *mariquitiña*, *mariquitilla*...



# Os nomes do xogo: o *peletre*

**peletre** s.m. **1.** Anaco de pedra que se emprega nalgúns xogos como a mariola. *Tirou con moita forza o peletre.* SIN. **patefa.** **2.** Xogo infantil que consiste en andar á pata coxa empuxando ao mesmo tempo co pé o peletre, seguindo certas regras, a través dun percorrido establecido e formado por un conxunto de casas numeradas, pintadas ou raiadas no chan. *Botaron a tarde xogando ao peletre.* SIN. **mariola**<sup>1</sup>.



A forma máis común é *peletre*. Tamén existen *pelete*, *peleta* e *peletra*. Non a vemos recollida noutros lugares da península.

O significado da base está claro: o *peletre* é a pedra con que se xoga. Esta é a primeira acepción no DRAG. A comparación entre os dous mapas é significativa:

- Está máis difundido como denominación da peza que como nome do xogo.
- Non é infrecuente a distinción *mariola* ‘xogo e debuxo’ / *peletre* ‘pedra’ (cfr. francés). O mesmo entre *truco*, *mariquitilla*, *paturra...* / *peletre*, etc.
- Non hai casos en que o nome do xogo sexa *peletre* e *mariola* designe ‘pedra’ ou ‘debuxo’.
- Se o xogo se chama *peletre*, a pedra ten o mesmo nome ou un xenérico indicativo do material (*pedra*, *lousa*, *tella...*).
- Apenas se rexistra *peletre* como nome do debuxo.

*Trésor*: 1677 **mérelle** «jeu d'enfant qui consiste à pousser, à cloche pied, un **palet** dans des cases tracées sur le sol».

Esa é a orixe do noso *pelete* > *peletre*. De novo, de Francia a Galicia.



# O xogo do peón

**Peón** s.m. Xoguete que consiste nunha peza de madeira de forma cónica, rematada nunha punta de metal pola parte inferior, que se fai bailar por medio dun cordel. *Os cativos xogaban ao peón no patio da escola. Sin. **buxaina**. Cfr. **bailarete**.*

**Trompo** s.m. ⇒ **buxaina**.

*Por San Martiño, trompos ao camiño;  
por San Amaro, trompos ao tellado.*




# Os nomes do xogo: *peón*, *trompo*...

Alguns dos nomes menos estendidos denominan noutras localidades outra variedade de *trompo*. Por exemplo, *peona*, *peonza*, *peonceta*, *bailarín*, *bailarete*, *danzarico*, *buxaina*, *nosella*... para a pequena, aplastada, que se fai bailar cos dedos.

Formas dominantes:

1. *Peón* e *peonza*: territorio centrooriental con continuidade polo S (cfr. port. *pião*) e enclaves no límite occidental. Conforme se avanza cada ao S, vai perdendo forza a forma feminina.
2. *Trompo* (e *trompa*) un amplo espazo occidental, no eixe atlántico. Non se descarta que formas illadas do resto do dominio se deban ao impulso do castelán.
3. *Buxaina* (e *buxa*) dispersas no cadrante NW.
4. Relacionadas con *bailar* e *danzar*: *bailarico*, *bailareta*, *bailarete*, *bailarela*, *bailarín*, *bailarina*, *bailón*; *danzarico*, *danzarete*. A mesma motivación en *sevillana*.
5. Formas ocasionais: *billa*, *biombo*, *bóla*, *borracha*, *curro*, *mazarico*, *nosella*, *piruleta*, *pizarillo*.

Nome do xogo: *peón* e sinónimos



|          |   |        |   |         |   |                    |   |
|----------|---|--------|---|---------|---|--------------------|---|
| peón     | ● | trompo | ● | buxaina | ● | bailarete, -ico... | ★ |
| peona    | ■ | trombo | ■ | buxa    | ● | danzarico, -ete    | ✦ |
| peonza   | ● | tronco | ▲ |         |   | sevillana          | ★ |
| peonceta | ■ | trompa | ● |         |   | outros             | ★ |
| piñón    | ★ |        |   |         |   |                    |   |
| repeón   | ▲ |        |   |         |   |                    |   |

# A motivación e orixe dos nomes: *peón*, *trompo*


## 1. *Peón*, *peona*, *peonza*, *peonceta*...

- ✓ A forma básica é **peón** < lat. vul. PEDO, -ONIS.
- ✓ **Peona** a partir de *peón* (modelo *cesto/cesta*).
- ✓ **Peonza** pode ser derivado ou regresivo feminino dun diminutivo de *peón* (*peoncillo*, segundo Corominas: sv *PIE*).
- ✓ **Peonceta** a partir de *peonza*.
- ✓ **Repeón** relaciónase con *repear* 'bailar o peón' (Extrem., Andal.).
- ✓ **Piñón** pode ser evolución de *pión* ou cruzamento con *piña* (motivación forma; variante doc. no Brasil).

## 2. *Trompo*, *trombo*, *trompa*...

- ✓ As formas femininas son marxinais (límite W e fronteira S).
- ✓ A forma básica é **trompo**, de orixe onomatopeica. Algúns rexistros con **-b-**, **trombo**. O fem. **trompa** formouse a partir do masc. (modelo *cesto/cesta*).
- ✓ **Trompe** (sf), segundo *Trésor*: **1. 1176** « **toupie** » (Chrétien de Troyes). [...] Le sens 1 est prob. dû à la compar. du bruit d'une toupie avec celui des trompes. Ben documentada en francés antigo e medio, con diversas formas: *trompe*, *trombe*, *trompa*, *trompo*... (FEW). Os dicionarios franceses modernos non recollen este significado.
- ✓ O préstamo **trompo** irrompeu na Galicia occidental: difundíuse no eixe atlántico a custo de formas anteriores (*buxaina* e *peón*).

Nome do xogo: *peón* e sinónimos



# O xogo da billarda



**estornela** s.f. 1. Xogo que consiste en dar cun pau noutro máis pequeno e rematado en punta nos extremos, que está colocado no chan, de xeito que se fai saltar e, xa no aire, dásele un segundo golpe que o despide a maior distancia. *Os rapaces están xogando á estornela na eira.* 2. Pau que se emprega neste xogo. *Estabamos a xogar e perdemos a estornela.* SIN. *palán.* SIN. **billarda.**

**billarda** s.f. Estornela. *Estabamos xogando á billarda e perdémola.*

A **billarda, estornela, lipe...** é un dos xogos tradicionais máis difundidos en Galicia, e ao parecer un dos máis estendidos por toda Europa, desde o mar Negro ás illas británicas.

En Galicia foi o deporte máis practicado polos rapaces e os mozos ata mediados do século XX, cando comezou a ser substituído polo fútbol. Estase recuperando. Hoxe hai campionatos e ligas de billarda, regulamentos oficiais, blogs dedicados aos seguidores...




# O nome do xogo: *billarda, estornela...*

Agrupamos as variantes en nove grupos.

1. **Billarda (billarde, billar, nibarda), billa.** É a máis estendida. Hoxe imponse como termo de referencia no uso público.
2. **Estornela (tornilla, tornilleta).** Compacta e predominante nunha área occidental arredor de Santiago de Compostela.
3. **Pinche, pincho, pinchín (pinchil), pincha.** Agrupada en áreas descontinuas en occidente, desde Fisterra ao Miño. Ao norte sm, ao sur sf.
4. **Cachiza, cachizo.** Concentrada nunha área litoral, non exclusiva, entre a ría de Pontevedra e o esteiro do Miño.
5. **Pateiro (peteiro).** Tipicamente tudense.
6. **Anivá e outras formas con ir: vai, xogo d'ava, xogo do irá, anivá, inavá, univá, anival, nival, canivá...** Dispersas polo W e S de Ourense.
7. **Lipe, lipio, lipis.** Característica do val do Lérez, que forma ría de Pontevedra.
8. **Birlo ~ mirlo.** No SE de Ourense e W Zamora.
9. **Outras formas: xogo do pau, palao, palanca, palenque, palito~pelitro, canículas, caño, rebola, garabullo, aniquel, criques...**

O nome do xogo



|                         |   |          |   |                 |   |
|-------------------------|---|----------|---|-----------------|---|
| estornela               | ● | billarda | ■ | birlo           | ♠ |
| cachiza                 | ○ | billa    | ○ | lipe            | ♣ |
| pincha                  | ▲ | billar   | ▲ | lirio, irio     | ✱ |
| pinche, pincho, pinchín | ◀ | nibarda  | ✱ | anivá, univá... | ♣ |
| pateiro                 | ★ |          |   | vai, irá        | ♣ |
| palito, pelitro         | ⊙ |          |   | xogo do pau     | ♣ |
| palán, palenque...      | ♣ |          |   | formas únicas   | ✱ |

# A orixe estranxeira: *billarda, estornela, anivá, lipe...*



## **Billarda (billarde, billar), billa**

- Todas remontan ao fr. *bille* (lat. \*BILIA), ‘peza cilíndrica de madeira’. En gal. **billar** varios significados. Fr. “*jouer à la bille* ‘faire sauter la bille’. On dit plus ordinairement jouer au bâtonnet, faire sauter le bâtonnet”.
- **billarda** —xunto con **billar** e **billarde**—, do fr. *billart* ~ *billard*, derivado de *bille*, ‘bastón empregado para diversos xogos en que interveñen bólas e outras pezas’.

## **Estornela (estronela, astornela, astronela), tornilla, tornilleta**

- Todas remontan a TORN-, como *estornija* (*estornia, estornica*)..., Aragón, Valencia).
- *Estornela* (Sarmiento) en galego designou tamén outro xogo en que o trazo ‘virar, dar voltas’ é fundamental: o chamado *gorropío, virandela, andavía, voadoira*...
- *Estornela* e *tornilla* ‘pau pequeno da billarda, o que dá voltas’. Diferentes diminutivos latinos, -ĒLLA para **estornela** e -ICULA para **tornilla** (coma esp. *estornija*). **Tornilleta** a partir de *tornilla*.
- Sarmiento, motivación de **estornela**: “el revoloteo atontado del estornino”. O paxaro en galego e portugués, a partir de -INUS. Noutras linguas romances, -ELLUS: entre elas occitano *estornel* e fr. *étournaeu* < ant. *estournal*. De aí vén a nosa *estornela*.

## **Anivá, univá... e variantes**

A motivación está nos berros con que acompañan o lanzamento. Non é difícil recoñecer *on y va!*

## **Lipe**

- Cognado de it. *lippa*. A voz italiana, de orixe escura, se remonta a un étimo xermánico sobre o que non hai consenso. Inglés *lip* (antigo *lippa*), en alusión á forma da billarda, explicaría a presenza antiga en Galicia a través do porto de Pontevedra.

# Mil grazas



*Dedicado aos meus alumnos de dialectoloxía galega, aos que foron, son e –esperemos!– serán.  
Todos son semente de futuro.*

**Rosario Álvarez**

[rosario.alvarez@usc.es](mailto:rosario.alvarez@usc.es)

*Tesouro do léxico patrimonial galego e portugués*

<http://ilg.usc.gal/Tesouro>

**Instituto da Lingua Galega. Universidade de Santiago de Compostela**

<http://ilg.usc.gal/>